ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU17019

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Novidades en materia de Administración electrónica introducidas polas Leis 39/2015 e 40/2015

CONVOCATORIA: Curso monográfico Novidades en materia de Administración electrónica introducidas polas leis 39/2015 e 40/2015

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	8
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	C.MONOGRÁFICO	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 06/10/2017 - 08:00h ao 10/10/2017 - 23:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo principal desta acción formativa é analizar os aspectos máis salientables da lexislación de 2015 en materia de Administración electrónica, con especial atención aos seguintes apartados:
- As notificacións electrónicas nas leis 39/2015 e 40/2015.
- A sede electrónica como instrumento para o exercicio das competencias administrativas e de relación cos cidadáns, así como a regulación dos rexistros electrónicos.
- Sistemas de identificación e de sinatura electrónica.
- Aspectos relacionados coa tramitación do procedemento administrativo, en particular, a regulación do documento electrónico, copias electrónicas, arquivo electrónico de documentos e expediente electrónico.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, ao servizo das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica, como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais, e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:
- A reforma da Administración electrónica. Unha panorámica xeral, con especial referencia ás notificacións electrónicas.
- A sede e os rexistros electrónicos como ferramentas imprescindibles da Administración electrónica.
- A identificación e a autenticación por medios electrónicos.
- A tramitación do procedemento administrativo por medios electrónicos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terá preferencia na selección o persoal empregado público das administracións públicas de Galicia establecéndose o número de orde de acordo á data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertenzan á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todos/as os/as solicitantes deberán enviar un correo a novas.egap@xunta.gal,
achegando, se é o caso, a certificación acreditativa da súa condición de persoal empregado
público e do grupo e/ou categoría a que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración en que preste os seus
servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes de persoal empregado público que non presenten dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 10 de outubro de 2017.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: SANTIAGO		**INICIO / FIN:** 19/10/2017 a 19/10/2017
NUM. PRAZAS: 286	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
ISAAC MARTÍN DELGADO Julián Valero Torrijos RUBÉN MARTÍNEZ GUTIÉRREZ Isabel Pillado Quintáns IGNACIO ALAMILLO DOMINGO MARCOS ALMEIDA CERREDA		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
SALON DE ACTOS: O día 19 de outubro de 10:00 a 14:30. O día 19 de outubro de 17:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		